

COLEXIO DE CERVO




*PDI "CERVO ALÉN DE EUROPA:  
UNITED THROUGH  
CREATIVITY"*

PLAMBE XIII



2017/2018

Bibliotecas  
escolares  
de Galicia



COORDINADO POLA BIBLIOTECA DO COLEXIO DE CERVO,  
BIBLIOCERVO, EN COLABORACIÓN CO EQUIPO ERASMUS +

# COMO SOMOS E QUE NOS DEFINE?

- ❖ Centro rural da Mariña Lucense con 126 alumnos/as.
- ❖ 3 Unidades de Infantil e 6 unidades de Primaria.
- ❖ 16 mestres/as, a maioría con carácter definitivo.
- ❖ Entramos no PLAMBE no 2008. Bibliotecas Creativas 16/17.
- ❖ Premio Boas Prácticas MEC 2010.
- ❖ Premios no III/V Concurso Traballo por Proxectos (BE).
- ❖ **Erasmus + K-219. Cursos 17/18-18/19**
- ❖ PFPP.
- ❖ Outros proxectos: Plan Fomento do Galego, Observa\_acción, STEM, Voz Natura...
- ❖ Integración Curricular de  
**BIBLIOCERVO**  
( PEC – PL- PAL- PXA- PD)

## LIÑAS PRIORITARIAS

- Inquedanza por buscar métodos educativos innovadores e motivadores (pouca ou nula presenza de libros de texto).
- Atención á diversidade (15% neae)
- Integración da Arte e da Ciencia, en todas as súas vertentes, no currículo e na vida da comunidade escolar.
- Desenvolvemento das TIC/TAC e a súa integración curricular nun contexto de Multialfabetización.
- Fomento do uso do Galego.
- Gran importancia á Formación Permanente do Profesorado.




# EIDOS DE TRABALLO PLANTEXADOS



- ❑ *FOMENTO DO HÁBITO LECTOR.*
- ❑ *A CREATIVIDADE NA EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA.*
- ❑ *DESENVOLVEMENTO E POTENCIACIÓN DAS LINGUAS PROPIAS E DO MARCO COMÚN EUROPEO (integración do PROXECTO ERASMUS).*
- ❑ *PROXECTOS DOCUMENTAIS INTEGRADOS SOBRE EUROPA, centrándonos especialmente no seu PATRIMONIO CULTURAL E ARTÍSTICO. TRABALLO POR COMPETENCIAS (ALFIN/AMI)*
- ❑ *O PROXECTO ESCORNABOTS e a súa integración no currículo, xunto coa IMPRESIÓN 3 D e as LINGUAXES DE PROGRAMACIÓN.*
- ❑ *POTENCIACIÓN DE APRENDIZAXES DO ÁMBITO STEAM co MOVEMENTO MAKER.*
- ❑ *USO E DESENVOLVEMENTO DAS TIC/TAC NA BIBLIOTECA.*
- ❑ *A INCLUSIÓN: UNHA BIBLIOTECA DE TODOS/AS E PARA TODOS/AS.*
- ❑ *INTEGRACIÓN DE **TODOS OS PROXECTOS NUN ÚNICO**, CON CARÁCTER INTERDISCIPLINAR COORDINADO POLA BIBLIOTECA: **“CERVO ALÉN DE EUROPA: UNITED THROUGH CREATIVITY”***



◦ O PROCESO DE PLANIFICACIÓN  
PARA A SÚA INTEGRACIÓN CURRICULAR



PXA

PLAN ANUAL DA  
BIBLIOTECA

PROGRAMACIÓNS  
NIVEL

# O NOSO CARTAZ




- **PAL**
- LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN
- PROGRAMACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES
  - *Lecturas por nivel*
  - *Itinerarios Lectores*
  - *Pasaporte Lector*
  - *Pasaporte de Cine*
- ***Pasaporte Europeo***
  - *Mochilas Viaxeiras – Mochilas Escornabóticas*
  - *Club de Lectura: LITERATURA CLÁSICA EUROPEA*
- FIESTRAS Á NOSA COMUNIDADE:
- **@CEIP de CERVO** 
- <http://bibliocervo.blogspot.com.es/>
- <http://englishbulebule.blogspot.com/>
- **SITE RECURSOS** <https://sites.google.com/site/cervoalendeeuropa/home>

ÁREAS LINGÜÍSTICAS SEN LIBROS DE TEXTO  
(SÓ LIBROS DE LECTURA)

# OBXECTIVOS PLANTEXADOS

## • XERAIS

- Potenciar e mellorar a coordinación do profesorado do centro, creando un clima propicio de traballo e o emprego de metodoloxías activas, a través do Plan Lector, do PAL e das distintas propostas da biblioteca e do resto dos equipos, de xeito integrado.
- Sistematizar as actividades de formación de usuarios, fomento de lectura, educación documental ou para o acceso á información.





## QUE OBXECTIVOS ESPECÍFICOS NOS PROPUXEMOS?

- \* **Enlazar o traballo por competencias dun xeito multidisciplinar e globalizado. Trascender fronteiras e recoñecer o valor lingüístico e cultural doutros países alén de Cervo. Relacionando este proxecto co Erasmus +. (ACTIVIDADES INTEGRADAS)**
- \* Facilitar a competencia **ALFIN/AMI** do noso alumnado a través da programación de múltiples actividades de investigación e tratamento da información.
- \* Integrar no currículo gran variedade de linguaxes nun contexto de multialfabetización, facendo especial fincapé nas Linguaxe de Programación e concretamete no Proxecto Escornabots e no deseño e impresión 3D. (ITT)
- \* Considerar Bibliocervo como o “motor cultural” da nosa Comunidade Educativa e como un “**centro creativo de aprendizaxe**” onde o alumnado “aprende facendo”.
- \* Atender á diversidade ordinaria e do alumnado con neae nun contexto de inclusión.

# PERO... COMO É A NOSA BIBLIO?



AXUDANTES DE BIBLIOTECA  
(5º E 6º EP)



RECANTO EUROPEO



PUCA

VIP



PIC-COLLAGE







**BIBLIOCERVO**

# EXEMPLOS DE ACTIVIDADES DESENVOLTAS

Cervo, 15 de setembro de 2017

SETEMBRO-OUTUBRO



Moi boas, nenas e nenos do noso cole e benvidos ao novo curso escolar!

Xa sei que me botabades de menos, pero estiven de vacacións, coma vós, e agora veño coas pilas ben cargadiñas para traballar a reo. **Estades preparados para vivir un curso cheo de emocións?**

Ata o de agora a Biblio está pechada, pero non desesperedes, amigas e amigos, que xa teño casi todo preparado para comezar. Xunto coas miñas axudantas, estou a organizar as mochilas viaxeiras, decidindo que libros recomendarvos para os itinerarios lectores e poñendo a punto os Pasaportes de Cine para que podades seguir levando pelis para as vosas casas... en fin, que polas tardes, desde que vós marchades, eu non paro de traballar para tervos todo listo!

E por fin, podo darvos unha boa nova... O día 9 DE OUTUBRO abre a Biblioteca e estades todos convidados a visitarme, xunto cos profes, xa veredes cantas sorpresas vos agardan alí! Vouvos adiantar unha...

Sabedes cal é o título do noso proxecto deste ano?

**"CERVO ALÉN DE EUROPA: UNITED THROUGH CREATIVITY"**



Vouvos dar unha pista... Este ano estamos dentro dun **proxecto europeo!** Imos a intercambiar ideas e traballos con nenos e nenas de países como Lituania, Polonia, Portugal, Turquía, Grecia e Rumanía.

Tamén imos seguir traballando cos nosos "colegas" os **Escornabots!** Acordádesvos deles?

Que vos parece? Faladeo cos vosos titores e titoras a ver que se vos ocorre e logo, xa o día da

inauguración da biblioteca, o poñemos en común todos xuntiños.

As profes imos a crear o **EUROPEAN CORNER**, coa vosa axuda! Vai ser un recanto para a posta en común de todas as actividades que fagamos ao longo do ano. Xa veredes que bonito nos queda! Tamén, coa colaboración dos nenos e nenas de 5º e 6º, celebraremos o **DÍA EUROPEO DAS LINGUAS**, con videoconferencias cos demais países!! **Moito me tarda... e a vós?**

Durante este mes nas tutorías aproveitaremos para profundar sobre o **coñecemento da UNIÓN EUROPEA**, a través de pequenos **proxectos documentais integrados** (PUCA QUERE SABER...), de maneira que o día **24 de outubro, DÍA DAS BIBLIOTECAS ESCOLARES**, os nenos maiores (5º e 6º) coa axuda dos máis pequerrechos (E1, 1º e 2º) vannon a presentar un video explicativo para toda a comunidade educativa, sobre o traballo que imos realizar este ano. Atentos! Os nenos de 3º e 4º teredes que facer uns murais sobre Europa moi chulos e presentárnolos aos demais tamén ese día! Tamén na **semana do 10 ao 20 de outubro** teremos **xornadas de formación de usuarios na biblioteca**, para recordarvos a todos; maiores e pequenos, como podedes facer uso dela e dos seus recursos. Xa vos avisaremos máis adiante das datas e horas exactas.

E como sabedes, para nós outubro é o **MES DO MEDO**, e por iso quérovos convidar a decorar os vosos corredores e aulas con algúnha imaxe monstruosa, como partida á celebración que terá lugar o 31 deste mes cun dos nosos archicoñecidos **OBRAIDROS DE COCIÑA MONSTRUOSA!**

Para finalizar estes meses tan intensos pensei en propoñer vos unha **ACTIVIDADE COLABORATIVA** para realizar na casa coas vosas familias. Levará por título **"OUR SETTINGS"**. Cada familia terá que fotografar algún lugar con encanto do sitio onde vive e traerá esas fotos ao colexio para unha exposición. Xa, na aula de inglés, intentaremos asociar esas fotos a unha pequena poesía. É interesante, verdade?? Sei que vai quedar xenial porque todos vós **sodes UNS ARTISTAS!!!** Máis adiante mandarei unha carta para as familias explicando esto, non vos preocupedes.

Non quería despedirme sen dar unha especial benvida ás novas lectoras e lectores que veñen por primeira vez ao noso cole. Espero que vos divirtades e aprendades tanto coma nós coas actividades. **Eu estou desexando coñecervos ben de cerca!!**

Agárdovos a todas e todos!

Apertas de ledicia!!!

PUCA

**O DESEÑO DAS ACTIVIDADES FAISE CONXUNTAMENTE: EDLG, EQUIPO ERASMUS E E. BIBLIOTECA, OFRECENDO DISTINTOS PUNTOS DE VISTA.**

EN RELACIÓN COA XESTIÓN TÉCNICA E A NOSA ORGANIZACIÓN. CONFIGURACIÓN DE BIBLIOCERVO COMO «LABORATORIO CREATIVO DE APRENDIZAXES».

## PASAPORTE EUROPEO



MOTIVACIÓN



## CENTRALIZACIÓN DOS RECURSOS

<https://sites.google.com/site/cervoalendeeuropa/home>

## PUCA E A SÚA CORRESPONDENCIA

Cervo, 15 de setembro de 2017

SETEMBRO-OUTUBRO



Moi boas, nenas e nenos do noso cole e benvidos ao novo curso escolar!

Xa sei que me botabades de menos, pero estiven de vacacións, coma vós, e agora veño coas pilas ben cargadiñas para traballar a roo. Estadades preparados para vivir un curso cheo de emocións?



PDI CERVO  
ALÉN DE  
EUROPA

United Thought  
Creativity

COLEXIO DE CERVO  
2017/2018  
PLAMBE XIII

Erasmus+  
Sepce

[www.bibliocervo.blogspot.com](http://www.bibliocervo.blogspot.com)

## 1. INTRODUCCIÓN

**Boas, meus nenos e nenas!**

No cole estamos a piques de comezar un novo proxecto cheo de maravilosas aventuras. Como sabedes, este curso ímonos de viaxe por Europa a través do noso proxecto Erasmus.

E para que todos e todas sexamos alumnos competentes sobre este tema vouvos a propor unha serie de tarefas e actividades que nos van a servir para **APRENDER MOITO SOBRE EUROPA**, dun xeito divertido, además repasaremos lingua, matemáticas, ciencias sociais...

**PREPARADOS PARA TRABALLAR EN EQUIPO?**




**DE ONDE PARTIMOS?  
QUE SABEMOS DA UE E  
DESTES PAÍSES?**

Vídeo de YouTube



## PAÍSES AMIGOS



# CLUB DE LECTURA

## LITERATURA CLÁSICA EUROPEA: AS CRÓNICAS DE NARNIA

DATA: 16 de marzo de 2018/ 23 marzo de 2018

### A SEGUNDA GUERRA MUNDIAL

**ACTIVIDADE 1:** INVESTIGAMOS E ANALIZAMOS O CONTEXTO NO QUE SE DESENVOLVE O LIBRO *"AS CRÓNICAS DE NARNIA: O LEÓN, A BRUXA E O ARMARIO"*

**METODOLOXÍA:** Presentarase o libro, centrando a nosa atención na información da portada e da súa contraportada e introducirase un diálogo que nos axude a situar a época na que viven os nenos e nenas protagonistas da historia. Unha vez acotada a etapa histórica correspondente levaremos a cabo unha actividade de alfabetización informacional.

### DESENVOLVEMENTO:

En pequeno grupo intentaremos dar resposta ás seguintes cuestións, para o cal nos valeremos dos recursos TIC da biblioteca e dos recursos que atoparemos na páxina: [www.resumendehistoria.com](http://www.resumendehistoria.com)

GRUPO 1: Que é a Segunda Guerra Mundial, a que países implicou e cando comezou?

GRUPO 2: Cal foi a causa principal?

GRUPO 3: Que sucedeu antes que marcou o comezo desta gran guerra?

GRUPO 4: Que feitos principais inclueu esta guerra e cando rematou?

Finalmente faremos unha posta en común para analizar as consecuencias que tivo esta guerra e este período histórico para os protagonistas do libro que estamos a piques de comezar a ler.



<http://bibliocervo.blogspot.com/2018/03/club-de-lectura-las-cronicas-de-narnia.html>

EXEMPLOS  
DOS NOSOS "MESES  
TEMÁTICOS"



## EUROPEAN MONTH: SETEMBRO

Conmemoramos **O DÍA EUROPEO DAS LINGUAS** para concienciar e poñer en valor a riqueza que significa ter tanta diversidade lingüística e a necesidade de conservala.

- <http://bibliocervo.blogspot.com/2017/10/dia-internacional-das-linguas.html>
- [http://englishbulebule.blogspot.com/2017/10/dia-europeo-das-linguas\\_16.html](http://englishbulebule.blogspot.com/2017/10/dia-europeo-das-linguas_16.html)



## OUTUBRO: MES DO MEDO

PUCA QUERE SABER SOBRE...

## PROXECTO DOCUMENTAL SOBRE “AS NOSAS LENDAS ALÉN DE EUROPA”



Este ano o obxecto de investigación foron as **LENDAS ALÉN DE EUROPA** e aproveitamos para saber mais sobre as Covas do Rei Cintolo, o Apalpador, os Biosbardos, os Trasgos e outros moitos personaxes e contos da nosa **TRADICIÓN POPULAR GALEGA**, coa finalidade de dala a coñecer ao alumnado dos nosos **PAÍSES AMIGOS** cos que este ano estamos a colaborar: Rumanía, Portugal, Lituania, Grecia, Polonia e Turquía.

A **POSTA EN COMÚN** realizouse no noso **FESTIVAL DE LENDAS ALÉN DE EUROPA** na Biblioteca e que os traballos obtidos recollímolos no **CALENDARIO ANUAL**. Aquí pódense ver os **RECURSOS ELABORADOS**: <http://bibliocervo.blogspot.com/2017/10/as-nosas-lendas-alen-de-europa.html>



**CEIP DE CERVO** @CEIP\_de\_CERVO · 14 jun. 2018

PROXECTO "GALICIA DE LENDAS" Todo listo! Enviados os libro de lendas ao CEE María Mariño (A Coruña), CEIP Mariñamansa (Ourense) e CEIP Marquesa do Pazo da Mercé (As Neves, Pontevedra) @bescolaresgal #EDLG #PLAMBE #lendasgalegas #Erasmusplus #galiciadelenda #literaturagalega

## 2ª PARTE: “GALICIA DE LENDAS”

LIBRO COLECTIVO



<http://bibliocervo.blogspot.com/2017/12/calendario-2017-lendas-alen-de-europa.html>

PRODUTO FINAL:  
CALENDARIO PDI

# “OUR SETTINGS”

Actividade colaborativa que leva por título “Our Settings” ou “A Nosa Contorna”. Para levala a cabo enviáuselles unha carta explicativa da actividade, que consistía en realizar unha foto do lugar onde viven e posteriormente na clase de inglés escribir un poema dese lugar. Finalmente, estes traballos foron dixitalizados para compartir cos nosos socios amigos do Proxecto Erasmus e así dar a coñecer a nosa contorna. No colexio fixemos unha exposición no “European Corner”. Aquí podedes consultar a carta explicativa: [“Our Settings”](http://englishbulebule.blogspot.com/2017/12/our-settings.html) ou [“A Nosa Contorna”](http://englishbulebule.blogspot.com/2017/12/our-settings.html)

<http://englishbulebule.blogspot.com/2017/12/our-settings.html>





# CERVO

Cervo is a town with a great  
 where got a park, a school and a church.  
 Places to stop and make new friends  
 We're waiting for you, to play football at school  
 Or bring you spinning top, playing we can't stop.

Our school is special, European and cool.  
 The Erasmus is for you, is for US  
 Pleas is happy and so are we.  
 Pleas is a mouse, like Mickey Mouse.  
 Love to cook, celebrate and read books.

Quermada is a party, with lots of witches  
 At night and scary, with a special spelling.  
 The devil is bad and the wizard is good  
 It's a amazing play, a very important day  
 A market in the morning on fire at night.

Sargadele's famous, factory, botanical, economics  
 next to a lovers path with a waterfall  
 A place full of history with ruins and legends  
 Sculptures, forest, beaches and flowers  
 Cervo means deer, with golden antlers the legend says

COME, COME, COME  
 RUN, RUN, RUN

Erasmus+  
 Co-funded by the Erasmus+ Programme of the European Union

# CERVO

Cervo is a town with a great  
 We've got a park, a school and a church.  
 Places to stop and make new friends  
 We're waiting for you, to play football at school  
 Or bring you spinning top, playing we can't stop.

Our school is special, European and cool.  
 The Erasmus is for you, is for US  
 Pleas is happy and so are we.  
 Pleas is a mouse, like Mickey Mouse.  
 Love to cook, celebrate and read books.

Quermada is a party, with lots of witches  
 At night and scary, with a special spelling.  
 The devil is bad and the wizard is good  
 It's a amazing play, a very important day  
 A market in the morning on fire at night.

Sargadele's famous, factory, botanical, economics  
 next to a lovers path with a waterfall  
 A place full of history with ruins and legends  
 Sculptures, forest, beaches and flowers  
 Cervo means deer, with golden antlers the legend says

COME, COME, COME  
 RUN, RUN, RUN

Erasmus+  
 Co-funded by the Erasmus+ Programme of the European Union

Our Settings 'Rap de Cervo'


## EN COLABORACIÓN CO PROXECTO DE VOZ NATURA: INVESTIGAMOS SOBRE O PATRIMONIO CULTURAL DE CERVO

O Proxecto Voz Natura deste curso tivo como eixo o patrimonio cultural do Concello de Cervo.

Resulta necesario coñecer a nosa contorna para logo poder dala a coñecer alén das nosas fronteiras.

Así, para coñecelo mellor, pedímoslle colaboración á comunidade escolar co obxectivo de localizar algún resto de importancia no entorno do colexio e das vivendas. Ao mesmo tempo, localizáronse lugares ou restos xa inventariados por patrimonio co fin de favorecer a súa visita e contribuír ao seu mantemento.

Elaboráronse unha fichas de recollida de datos parecidas ás do inventario patrimonial da nosa comunidade autónoma, que as familias cubriron unha vez localizado o e identificado o BEN. Atopáronse cruceiros, lavadoiros, castros, mámoas, petróglifos, muíños de man...



## O MES DA CIENCIA EN GALEGO:NOVEMBRO

Colaboramos con **IGACIENCIA** e elaboramos materiais para traballar as competencias ALFIN co noso alumnado arredor dos científicos propostos, **DARWIN** e **DOMINGO FONTÁN**.

<http://bibliocervo.blogspot.com/search?updated-max=2017-11-15T12:39:00Z&maxresults=7&reverse-paginate=true>

Traballáronse as xeorreferencias como paso previo para elaborar un mapa colaborativo no que situamos as coordenadas de diferentes monumentos europeos.

Durante este curso continuamos aprendendo a través da filosofía “*faino ti mesmo*” e deste xeito investigamos sobre diferentes monumentos emblemáticos europeos para posteriormente elaborar a súa maqueta e realizar un produto final que mostrar aos seus compañeiros na posta en común.




## MOVEMENTO MAKER NO COLE DE CERVO

PUCA quixo saber como os fixeran, que materiais precisaron e como foi o proceso. Para axudar en todo este proceso a biblioteca, en colaboración con todos os mestres e mestras, editou uns materiais de **AMI/ALFIN: PUCA QUERE SABER...COMO É O ARCO DO TRIUNFO, A TORRE EIFFEL, A TORRE EIFFEL (NEAE), O COLISEO, O BIG BEN...** e proporcionou os recursos precisos. Por suposto, este traballo estivo integrado no currículo dos distintos niveis.

<http://bibliocervo.blogspot.com/2017/11/mes-da-ciencia-e-os-proxectos-maker.html>



Simultáneamente o alumnado tivo que **xeorreferenciar** e introducir información de cada un dos seus monumentos nun **MAPA COLABORATIVO** creado para esta ocasión a través do google.maps.



FEBREIRO: MES DO ENTROIDO

ENTROIDO TRADICIONAL EUROPEO



OBRADOIROS  
INTERNIVEIS DIRIXIDOS  
POR DOUS MESTRES/AS

SON IMPORTANTÍSIMAS AS  
XUNTANZAS DE POSTA EN  
COMÚN NA BIBLIOTECA E AS  
ACTIVIDADES COLABORATIVAS  
INTERNIVEIS



PUCA QUERE  
SABER  
SOBRE...

COMO SE FAI UN  
NOTICIEIRO NA  
TV? (TRIMESTRAL)

MARZO: SEMANA DA PRENSA

PRODUTO FINAL:  
NOTICIEIRO  
"CERVO ALÉN DE  
EUROPA"



**OUTROS EXEMPLOS DE MATERIAIS  
ELABORADOS PARA OS DIFERENTES MESES**

**AS MULLERES GALEGAS  
NA HISTORIA**

**MARZO**

**PUCA QUERE  
SABER  
SOBRE...**

**MES DA PAZ:  
XANEIRO**

**A 2ª GUERRA MUNDIAL E A  
HISTORIA DE SADAKO**



**ROSALÍA DE CASTRO**



**FEBREIRO: MES  
DE ROSALÍA**

**MANUEL  
ANTONIO**



**MARZO: MES DA  
POESÍA**

**O DÍA  
INTERNACIONAL  
CONTRA A  
VIOLENCIA DE  
XÉNERO  
VIDEO  
COLABORATIVO  
"CHEAS DE VIDA"**

**NOVEMBRO**



ESCALA PRESENZA DE LIBROS DE TEXTO

**PUCA QUERE SABER SOBRE...**



**A UNIÓN EUROPEA E OS DISTINTOS PAÍSES EUROPEOS**

Para a última parte do proxecto cada aula tivo que investigar sobre un dos nosos países amigos do proxecto Erasmus +, é decir, **Lituania, Polonia, Rumanía, Portugal, Grecia e Turquía;** ademáis de sobre **España.**

PLAMBE XIII "CERVO ALÉN DE EUROPA: UNITED THROUGH CREATIVITY".....COLEXIO DE CERVO

**XOGAMOS AO PASAPALABRA SOBRE POLONIA?**

- A:** País que invade Polonia durante a Segunda Guerra Mundial.
- B:** Comida típica polaca que consiste en verduras agrias como a col e o repolo con diferentes carnes, embutidos e setas.
- C:** Astrónomo polaco que fixo unha teoría que decía que eran os planetas os que xiraban ao redor do Sol e non ao revés como se cría ata entón.

PLAMBE XIII "CERVO ALÉN DE EUROPA: UNITED THROUGH CREATIVITY".....COLEXIO DE CERVO

3. Mirando no google.maps imos ver que distancia separa Cervo da capital de cada un deses países.

- De Cervo a Polonia hai \_\_\_\_\_ km.
- De Cervo a Rumanía hai \_\_\_\_\_ km.
- De Cervo a Lituania hai \_\_\_\_\_ km.
- De Cervo a Portugal hai \_\_\_\_\_ km.
- De Cervo a Grecia hai \_\_\_\_\_ km.

Agora imos descompoñer esas cifras, analizando o valor posicional de cada número e transformándoas en unidades.

km	Valor posicional de cada cifra	Descomposición en Unidades

PLAMBE XIII "CERVO ALÉN DE EUROPA: UNITED THROUGH CREATIVITY". COLEXIO DE CERVO

NOME.....CURSO.....DATA.....

**PUCA QUERE SABER SOBRE...**



**A UNIÓN EUROPEA & PROXECTO ERASMUS+**

CURSO 2017/2018 ..... PROXECTO DOCUMENTAL INTEGRADO

PLAMBE XIII "CERVO ALÉN DE EUROPA: UNITED THROUGH CREATIVITY".....COLEXIO DE CERVO

**PUCA QUERE SABER SOBRE... POLONIA**



PAÍS:	
CAPITAL:	
BANDEIRA:	DISTANCIA DE CERVO:
<input type="text"/>	<input type="text"/>
PAÍSES LIMÍTROFES:	

**PRODUTO FINAL:**  
**"FEIRA TRADICIONAL EUROPEA"**  
**9 DE MAIO**

## “FEIRA TRADICIONAL EUROPEA”: 9 DE MAIO

Despois das actividades ALFIN/ AMI SOBRE DIVERSOS PAÍSES EUROPEOS realizamos a posta en común dos nosos produtos finais. Houbo unha gran variedade deles: Lapbooks, folletos turísticos, trípticos informativos, fotografías, xogos cos escornabots, pasapalabras, murais e moitos outros. Cada país tiña o seu stand, ao estilo FITUR, onde presentaba obxectos típicos do mesmo, a súa moeda, comidas tradicionais e moitas outras cousas. O equipo da biblioteca, coa supervisión da Xefatura de Estudos configurou un horario para que no día do 9 de maio, coincidindo co día de Europa cada grupo de alumnos, ao longo das cinco horas lectivas, fixera un percorrido por cada un dos países sendo tanto como viaxeiro receptor como país acolledor que explica a súa idiosincrasia.

Unha vez que cada grupo de alumnos chegaba a cada stand recibían múltiples explicacións do traballado ata ese momento, eran agasallados con curiosidades do máis variado e así podían cumprimentar o seu PASAPORTE EUROPEO.





## European Fair Europe Day May 2018

<http://bibliocervo.blogspot.com/2018/05/aprendo-facer-pizzas-cun-mestre.html>

<http://bibliocervo.blogspot.com/2018/05/dia-de-europa-feira-europea-erasmus.html>

**COLABORACIÓN  
CO IES DE FOZ**

# AS PEZAS ÚNICAS

EN MAIO, O MES DAS LETRAS



O alumnado creou pequenos poemas ilustrados relacionados co noso proxecto. O tema de “inspiración” deste ano era Galicia, a nosa terra e os sentimentos que nos embargan cando pensamos en estar lonxe dela.

Logo numerámoslos e enviámoslos a asociacións de galegos emigrados en Madrid e en Londres, onde moi amablemente se prestaron a colaborar con nós repartíndoas entre os seus visitantes na semana das Letras Galegas. Pola parte traseira da peza única explicamos a actividade e convidamos aos receptores a darnos a súa opinión da mesma.



<http://bibliocervo.blogspot.com/2018/05/as-pezas-unicas-arte-e-lingua-no.html>

MÁIS INFORMACIÓN  
SOBRE A  
TRAXECTORIA DESTA  
ACTIVIDADE



**CEIP DE CERVO** @CEIP\_de\_CERVO · 8 ene.

No mes de Decembro chegou ao cole unha carta moi especial! Dende a Área de Galego do IE Cañada Blanch de Londres escribíronnos tras recibir as nosas Pezas Únicas do curso pasado

Seguro que será o inicio dunha gran amizade  
[@GalegoEnLondres](#) #EDLG [@bescolaresgal](#) [@Canada\\_Blanch](#)

Traducir Tweet



## COMPARTINDO AS NOSAS CANCIÓNS E CONTOS TRADICIONAIS COS “PAÍSES AMIGOS”

“CATRO VELLOs MARÍÑEIROs”

EXPLICACIÓN  
(VIDEO)

De “Little Red Riding Hood” a  
“Little Gold Riding Hood”

CANCIÓN



O alumnado, de xeito colaborativo, tivo que modificar o conto clásico “A Carapuchiña Vermella”. A cada país correspondeulle variar algún aspecto do mesmo introducindo elementos da súa idiosincrasia. A posta en común foi en Grecia, no mes de maio.

# ENGLISHBULEBULE

LEARNING NEVER EXHAUST THE MIND

## XUÑO: O MES DA ARTE GALEGA NA ESCOLA

O día do 1 de xuño de cada ano conmemoramos no noso colexio o DÍA DA ARTE GALEGA NA ESCOLA e este curso quixemos facer algo diferente, aproveitando o contexto onde nos estivemos movendo. Organizamos o **NOSO ROTEIRO DAS LINGUAS**, porque a **LINGUA É ARTE** e queriamos provocar un achegamento do noso alumnado á diversidade lingüística. Así conseguimos que ao longo deste día cada grupo de alumnos tivera a oportunidade de realizar obradoiros **SIMULTÁNEOS** de Portugués, Francés, Italiano e Éuscaro.




# ÁREA DE INVESTIGACIÓN E TRATAMENTO DA INFORMACIÓN (4º e 6º EP)

Durante este curso decidiuse que a área de Libre Configuración en 4º e 6º de Primaria fora **INVESTIGACIÓN E TRATAMENTO DA INFORMACIÓN: PROXECTO ESCORNABOTS E IMPRESIÓN 3D**. A esta área sumouse o nivel de 5º de Primaria durante o segundo e terceiro trimestre, utilizando unha sesión de Ciencias Sociais. Traballouse en grupos colaborativos e priorizouse o traballo de **elaboración de tableiros sobre os diferentes países europeos e o “xogo” cos Escornabots durante o primeiro trimestre e adicouse o segundo e o terceiro á programación con Lego Mindstorm e á impresión 3D**, principalmente de pezas de Escornabots.


As programacións da área de ITI pódense ver na aula virtual do CFR:  
<https://www.edu.xunta.gal/centros/cfrlugo/aulavirtual2/login/index.php>

**(PFPP)**



**TRÁTASE DE QUE SEXADES QUEN DE TRABALLAR EN EQUIPOS “MASTERMINDS” E DAR RESPONSA AOS RETOS QUE VOS IMOS PROPOR, A TRÁVÉS DA LINGUAXE DE PROGRAMACIÓN MINDSTORM. PREPARADOS PARA COMEZAR?**





TABOLEIRO

DE VIAXE  
 POR POLONIA  
 COS  
 ESCORNABOTS



<https://codeweek.eu/>

## OS ESCORNABOTS COÑECEN EUROPA: TABOLEIROS E VISITA A GRECIA



TAREFA À VOLTA  
DA VIAJE

# O NOSO XORNAL “ NIN QUITO NIN POÑO”

RECOMPILACIÓN DO  
TRABALLO E DIFUSIÓN Á  
COMUNIDADE EDUCATIVA



## COLEXI° DE CERVO



# ALGUNHA PÁXINA MÁIS...

## SEMANA DA PRENSA NA ESCOLA

### NOTICIARIO CERVO ALÉN DE EUROPA



O pasado mes de Marzo celebramos a Semana da Prensa na escola, e fixémoslo con moitas actividades diferentes: a lectura e análise de xornais, a realización de pequenas investigacións sobre a prensa en Galicia, a visita do programa A Revista da TVG que veu a facer unha reportaxe na aula de 6º de primaria, unha exposición de xornais europeos... e a gravación dun noticiario moi especial!

ESTADE MOI ATENTOS AO BLOG BIBLIOCERVO E Á NOSA CANLE DE YOUTUBE... O NOSO NOTICIARIO SEGURO QUE SERÁ UN ÉXITO!



## DÍA DO LIBRO

APADRIÑAMENTOS LECTORES

O pasado 23 de abril celebramos o Día do Libro como xa é costume no colexio, co apadriñamento lector. Os nenos e nenas maiores, de 3º, 4º, 5º e 6º de Primaria apadriñaron aos nenos e nenas de Ed. Infantil, 1º e 2º. Os días previos realizouse un sorteio para ver quen son os afillados, logo ten lugar toda unha investigación para coñecer os seus gustos literarios e co maior segredo posible para que sexa toda unha sorpresa.



Por fin, o día dos apadriñamentos xuntámonos todos no patio interior e cada padriño vai collendo aos seus afillados para buscar un sitio axeitado onde poder lerlles os libros. Mirade que fotos tan femosas!

## RECREOS DE POESÍA

## MES DA POESÍA

Para os recreos de poesía fíxose unha selección de libros que se expuxeron na biblioteca, para que se escolleran os poemas para recitar. Libros de Rafael Alberti, Bécquer, García Lorca, Manuel Antonio, Gloria Fuertes, Anisia Miranda e moitos máis...

A ACTIVIDADE FOI TODO UN ÉXITO!



## DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2018

### AS PEZAS ÚNICAS DO COLE DE CERVO

Este é o sexto curso que realizamos as Pezas Únicas do cole de Cervo... pero desta vez viaxarán máis lonxe que nunca!

*Ata Madrid e Londres!!!*



Ainda pasou pouco tempo dende que as nosas Pezas Únicas iniciaron a viaxe pero xa están comezando a chegar as primeiras respostas!

**Olá!**  
Sou Catarina, vivo en Madrid e o sábado pasado recibín unha peza única ben bonita xa feita das letras galegas de Frelha. Trázo-me moito ilusión este agasallo, máis encantada de moitas, como é unha moza moi simpática por vir as cousas tan finas que facedes pola lingua no Cole de Cervo e a súa vontade que tes que comenar moitos anos, así grazas!

A peza trata de 10 de Ólives e além das súas ilustracións e das palabras valiosas de dona Teófilo, Grazia Óliver/Emmanuel/Unha aperta forte desde Madrid.  
Catarina

**Pe Anónimo (6º):**

Ola Zaida, sou Julia, tenho 7 anos e vivo en Santiago de Compostela.  
Fizeste unha peza única recollida e teu agasallo vindeiro celebrando os nosos estudos en Madrid. Encantáronme o teu deseño, desde Galicia un pedacinho de... abraço.  
Julia

**Chámome César e escribovos simplemente para vos comentar que recibín, no gallo do Día das Letras Galegas, un marcapáxinas realizado por Alba Ferrás nos Castros, numerado como peza única 4748.**

Quereis agradecer Alia o esforzo e agasallo posto no papel, que, a parifera do agora, acompañame nos meus estudos en Madrid. Por favor, incrementado de máis parte a fusión, tal vez con subscritamente ben expresado, que me foi recibir este agasallo.  
César de nivel 1º de ESO: César Amor Raposo

**Bem-vinda! Hugo Vazquez Prieto:**  
Sou Sabida, tenho 40 anos e recollido o vos agasallo na festa de celebración das letras en Madrid.  
Estes nos emocionados por ver recollido este detalle tan bonito para dar o pulo á nosa lingua, especialmente cando se está fora da terra. Así a súa vontade sempre leu a nosa lingua e a nosa cultura.  
Leu a nosa lingua e a nosa cultura, vivindo que ti Hugo, e as tuas compaña e compañeiros estudos así como o noso futuro galego!

Por 1000 palabras más para o galego!  
Unha aperta forte para Hugo e o EDELO polo voso traballo!  
Sabida Álvarez

**Peza 1: Cole de Cervo e a súa única ilustrada por Celia Díaz Agre de 2º de Ed. Infantil.**

Moitas gracias a todos os que colaborades con nós para que o galego chegue alén de Europa!

## AVALIACIÓN

**Para a Avaliación inicial** do proxecto analizáronse os medios cos que dispoñía o centro e a biblioteca, en particular para ver si estes eran axeitados para o traballo proposto e o cumprimento dos nosos obxectivos. Fíxose unha listaxe das necesidades de fondos a finais do curso pasado para así comezar co necesario.

---

**A Avaliación Continua:** levámola a cabo durante todo o proceso, analizando como se estaba a desenvolver este. A través dos traballos que se elaboraron e de cada unha das actividades desenvoltas, o equipo de biblioteca nas nosas xuntanzas, puidemos valorar si estabamos indo no camiño adecuado e si acadaban os obxectivos propostos.

**A Avaliación Final:** Levouse a cabo ao finalizar o proxecto para comprobar os resultados do mesmo. No mes de maio pasamos unhas **enquisas**, elaboradas por nós e baseadas no libro *“Biblioteca Escolar entre interrogantes”*, ao alumnado e ao profesorado onde entre moitos outros aspectos de xestión e organización tamén se pedía unha valoración do 1 ao 5 das diferentes actividades coordinadas pola biblioteca, dentro do Proxecto **“Cervo Alén de Europa: United Thought Creativity”**. Como se pode apreciar no gráfico, todas están moi ben valoradas.

De *“United Thought Creativity”* a *“Creating, Communicating, Our Diversity We Are Celebrating”*

As liñas prioritarias deste curso foron anteriores a que se “pechara” o proxecto Erasmus +, polo tanto o título sufriu modificacións.

## ALUMNADO

### VALORACIÓN DAS ACTIVIDADES REALIZADAS

ACTIVIDADES	GRAO DE SATISFACCIÓN
	PUNTUÁRONSE DE 1 A 5, SENDO O 1 O MÁIS BAIXO, 2,5 MEDIO E 5 MOI ALTO
1. VISITAS DE ESCRITORES E ILUSTRADORES	4,59
2. AS MOCHILAS VLAXEIRAS/MOCHILAS ESCORNABÓTICAS	4,69
3. DÍPTICOS E TRÍPTICOS DE RECOMENDACIÓNS LECTORAS, NOVIDADES, O DÍA DA PAZ...	3,89
4. PROXECTOS MAKER/ DÍA DA CIENCIA EN GALEGO ( MAQUETAS, RECREOS DE CIENCIA: DARWIN, DOMINGO FONTÁN)	4,71

## PROFESORADO

Establécese como 4 como a puntuación máxima e 1 como a puntuación mínima, de acordo ás nosa enquisas, que se aportan como anexo.

TIPOLOXÍA ACTIVIDADES	PUNTUACIÓN MEDIA GRAO DE SATISFACCIÓN
FOMENTO DA LECTURA	4
FORMACIÓN DE USUARIOS	3,5
INVESTIGACIÓN E TRATAMENTO DA INFORMACIÓN E MULTIALFABETIZACIÓN	4
APERTURA Á COMUNIDADE ESCOLAR	3,5
ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE	4

5. KARAOKE DE AMOR	4,39
6. RECREOS DE POESÍA	3,58
7. FESTIVAL DE LENDAS GALEGAS: AS NOSAS LENDAS ALÉN DE EUROPA	4,46
8. NOTICIEIRO TV: "CERVO ALÉN DE EUROPA"	4,65
9. ACTIVIDADE COLABORATIVA: " A MARIÑA: PENSANDO EN FEMININO". AS NOSAS SUPERHEROÍNAS	4,26
10. UN ANTROIDO MOI EUROPEO: OBRADOIROS COLABORATIVOS	4,66
11. APADRIÑAMENTO LECTOR	4,66
12. DÍA DAS BIBLIOTECAS ESCOLARES: POSTA EN COMÚN DAS NOSAS INVESTIGACIÓNS. PRESENTACIÓN DO PROXECTO, CONTO ...	4,41
13. XORNADAS ESCORNABÓTICAS E ROTEIRO 3 D	4,47
14. FEIRA TRADICIONAL EUROPEA	4,8
15. CLUBES DE LECTURA: AS CRÓNICAS DE NARNIA	2,5**
16. ACTIVIDADES COLABORATIVAS: OUR SETTINGS, O NADAL EN EUROPA, ROSALÍA ILUSTRADA, PATRIMONIO CULTURAL ...	4,42
17. ACTIVIDADES RESPECTO Á DIVERSIDADE: CHEA DE VIDA, ESTÁ BEN SER DIFERENTES, SADAKO E AS MIL GRULLAS, AS MULLERES GALEGAS N A HISTORIA...	4,5
18. A NOSA PEZA ÚNICA: GALICIA, A NOSA TERRA	4,45
19. DÍA DA ARTE NA ESCOLA. ROTEIRO DAS LINGUAS	4,53
20. ROCKSALÍA EN CONCERTO. TWITTER E EDIXGAL NOS RECREOS	3,86



**CALES NOS PARECEN OS ASPECTOS  
CLAVE PARA QUE ESTO FUNCIONE  
DA MELLOR MANEIRA POSSIBLE?**

Planificar  
e Programar

Sistematizar  
as actividades

Niveis de participación  
alto de toda a  
Comunidade Educativa.



Estabilidade,  
Flexibilidade  
e Confianza

**ACTIVIDADES DE FORMACIÓN (PFPP)**

**“Curso de modelaxe en 3D e programación Mindstorm”** e a segunda foi un grupo de traballo que levou por título: **“Integración didáctica das linguaxes de programación e das TAC nun contexto de multialfabetización ( relacionado co Erasmus + & Biblioteca Escolar)”**

A coordinación entre  
profesionais e o bo un  
clima de traballo EN  
EQUIPO.

*Que non se trate só un proxecto de biblioteca senón que constitúa un proxecto de centro con actividades consensuadas por todos os equipos, aprobado no Claustro. (Vinculante)*

DE FARO **A FARO**



Estudiantes de intercambio y cervenses, en una jornada de convivencia en el centro. JMA

## Convivencia internacional

► Estudiantes de Polonia, Rumanía, Turquía, Lituania, Grecia y Portugal visitaron Cervo

Escolares del Ceip Cervo participaron de una semana de intensa convivencia junto a estudiantes de otros países europeos con lo que el centro comparte un programa Erasmus +, con el que buscan

compartir las culturas de cada país a través de la escritura creativa. En concreto, hasta el municipio cervense se desplazaron niños y profesores procedentes de Polonia, Rumanía, Turquía, Lituania,

Grecia y Portugal. Estudiantes que disfrutaron de intensas jornadas, que incluyeron desde el desarrollo de diversas actividades en el aula a salidas. Entre las primeras, destacan la composición de la música para la canción del programa, una masterclass con la actriz Estibaliz Veiga o el conocer las comidas con menús en el comedor del centro o la realización de un magosto.

Entre las visitas hubo una a Viveiro con todas las familias de acogida, pero también a Santiago y a Foz, donde pudieron practicar kayak y surf. Recuerdos que todos se llevaron en la maleta, jute con experiencias positivas tanto para ellos como para niños cervenses.



Día de surf en Foz. JMA

**CERVO**

## Jóvenes alumnos cervenses por tierras griegas



**CEIP DE CERVO** @CEIP\_de\_CERVO · 6 nov. 2018

Hoxe, estamos de actualidade no xornal @elprogreso\_Lugo @AMarina\_EP 😊📱  
"Convivencia Internacional no Colexio de Cervo" @EUErasmusPlus @bescolaresgal  
#ErasmusPlus #bescolaresgal @sepiegob #colexiodecervo #bibliotecasescolares  
#bibliocervo @Erasmus\_Project #shortexchangeofstudents



## AS NOSAS PREVISIÓNS DE FUTURO

Este PDI trátase dun **PROXECTO DE CENTRO** coordinado polo equipo de biblioteca do colexio especialmente xunto co equipo Erasmus + e o EDLG.

Este proxecto atópase **integrado** no currículo de ámbalas dúas etapas educativas coa finalidade de enlazar o traballo por competencias dun xeito multidisciplinar e globalizado.

Eliximos este tema para continuar o traballo que se vén realizando no centro, dende hai anos, de apoio á Arte e á creatividade, así como o ABP e a integración de novas linguaxes de programación na biblioteca e no currículo.

O seu eixe vertebrador é O **TEATRO, A ARTE DRAMÁTICA**. Decía Federico García Lorca que "O teatro é a poesía que sae do libro para facerse humana" e polo cal estaremos a profundar nas "Poéticas Diversas", lema proposto pola Asesoría de Bibliotecas.

Serán outros moitos aspectos e termos sobre os que se incidirán ao longo do ano e moitos os materiais que iremos deseñando a través dos nosos "**PUCA QUERE SABER...**" coa finalidade de seguir desenvolvendo a multialfabetización do noso alumnado



OUTUBRO 2018



PAÍS  
ANFITRIÓN/ACOLLEDOR



OUTROS  
PROXECTOS



OBSERVA ACCIÓN

"Semana STEM"

Bibliotecas LÍA.2

PFPP

# COLEXIO DE CERVO



**MOITAS  
GRAZAS!**



**CEIP DE CERVO**

@CEIP\_de\_CERVO

Arte, linguas, bibliotecas escolares,  
Erasmus+, robótica, dinamización da  
lingua galega, atención á diversidade,  
etcétera. Sempre aprendendo.

***BELINDA BLANCO FERNÁNDEZ***

*[belindablanca@edu.xunta.es](mailto:belindablanca@edu.xunta.es)*

*<http://bibliocervo.blogspot.com.es/>*

